

Vertigo. Revista de cine (Ateneo da Coruña)

Título:

A escola de imaxe e son

Autor/es:

González, Manuel

Citar como:

González, M. (1991). A escola de imaxe e son. Vértigo. Revista de cine. (1):37-40.

Documento descargado de:

<http://hdl.handle.net/10251/42900>

Copyright: Todos los derechos reservados.

Reserva de todos los derechos (NO CC)

La digitalización de este artículo se enmarca dentro del proyecto "Estudio y análisis para el desarrollo de una red de conocimiento sobre estudios fílmicos a través de plataformas web 2.0", financiado por el Plan Nacional de I+D+i del Ministerio de Economía y Competitividad del Gobierno de España (código HAR2010-18648), con el apoyo de Biblioteca y Documentación Científica y del Área de Sistemas de Información y Comunicaciones (ASIC) del Vicerrectorado de las Tecnologías de la Información y de las Comunicaciones de la Universitat Politècnica de València.

Entidades colaboradoras:



A Escola De Imaxe e Son

por Manuel González
(Director da Escola de Imaxe e Son)

A necesidade dunha Escola de Imaxe para Galicia foi sempre unha reivindicación sentida e reclamada nos foros de debate audiovisuais dende hai 20 anos. A infraestrutura formativa considerábase fundamental para a normalización audiovisual de Galicia xa dende a década dos 70 (Xornadas de Ourense) e nos 80 (Xociviga, O Carballiño).

En 1988, un grupo de "románticos" seleccionados por X.L Mira, Coordinador provincial de Formación Profesional iniciaron o proceso que culminaría na inauguración da Escola de Imaxe e Son de A Coruña o 14 de febreiro de 1991.

Para elaborarl-o proxecto de escola analizáronse diferentes Modelos formativos da CEE, examináronse as

necesidades do emerxente sector audiovisual galego e realizáronse consultas con expertos e profesionais. O resultado foi a publicación no BOE do primeiro marco legal de formación profesional en Imaxe e Son, dacordo cás directrices da LOXSE, e decir, un Módulo de nivel III de "Operacións de imaxe e Son". Así pois a Escola de Imaxe e Son de A Coruña, está a ser pioneira na experimentación da Reforma Educativa no estado español. Durante o proceso de posta en marcha fixéronse evidentes outras funcións da escola: formar novos profesionais, recicla-los existentes, e elaborar un programa de cooperación con outros colectivos interesados na imaxe: profesores de tódolos niveis educativos, animadores socioculturales, cineclubes. Unha escola con vocación de servicio

público, que vertebrase as actividades de formación, reciclaxe e iniciación relacion adas cá a imaxe e o son. Imos resumir os principais datos da E.I.S. durante os seus primeiros 9 meses de vida:

1. DENOMINACION DO MODULO DE NIVEL 3

(agora chamado "superior" na LOXSE): " Operacions de imaxe e son cás especialidades de Cámara, Son e Posproducción".

O obxectivo do módulo é " Formar profesionais capaces de realizar tódalas funcións técnicas do proceso audiovisual, dende a toma de imaxes e sons ata a presentación do produto final. Será un técnico polivalente con



Sala de Posproducción
Foto: Anxo Cordeiro

niveis de especialización (cámara, posproducción, son), con sólida formación cultural, certa madurez biolóxica e encadrado no nivel III de Formación profesional.

O seu campo de actividade profesional abarca empresas audiovisuais públicas o privadas: Televisións, produtoras, emisoras de radio, estudos de son, dobraxe, sonorización de salas, empresas de publicidade... etc." (B.O.E. 23-II-1990). No vindeiro curso preténdese comenzar un novo Módulo " **Axudante de produción/Realización**". Asimesmo temos feito traballos preparatorios sobre outros módulos e cursos de formación e Iluminación, Maquillaxe, Decoración, etc...

2.- ACCESO.

Matricúlanse 60 alumnos por curso (20 en cámara, 20 en posproducción, 20 en son). Os alumnos remataron o ensino secundario e teñen mais de 18 anos. O 80 % das prazas ocúpanas alumnos procedentes de FP2, e o 20 % restante proceden de COU.

Seleccionados entre máis de 600 solicitantes, perante un exame de acceso que evalúa memoria visual, memoria auditiva, capacidade de observación, cultura audiovisual, etc.

A matrícula e o curso son gratuitos.

3.- O PROCESO FORMATIVO.

Sobre iste material humano seleccionado, o Módulo actúa a través de tres procesos formativos claramente diferenciados:

3.1. Formación en centro educativo: abarca 9 meses continuados a 35 horas semanais (1.200 horas). Desenrólase nas instalacións da EIS de A Coruña. A formación en centro educativo contempla tres fases:

Fase a) Polivalencia en formatos profesionais. (400 horas)/ Area Temática: O documental.

Fase b) Polivalencia en formatos profesionais. (300 horas)/ Area Temática: Ficción /narración televisiva

Fase c) Especialización en formatos profesionais (500 horas.)/ Area Temática: Televisión e nova ficción / publicidade.

3.2. Formación en Centro de traballo. Abarca aproximadamente 3

meses (400 horas). Desenrólase en empresas públicas e privadas de cine, radio, TV, video e dobraxe, mediante convenio de colaboración.

O alumno desempeña funcións específicas da súa especialidade cá supervisión dun tutor de empresa.

3.3. Proxecto audiovisual (Práctica fin de curso). Abarca ata un período máximo de 3 meses. Desenrólase a partir dun proxecto individual ou realizado en equipo. O proxecto comprende dende a idea / tratamento / intencionalidade / guión técnico / desgloses / plan de traballo / presupostos / grabación / posproducción / sonorización e proxecto de comercialización. A Avaliación realízase sobre a especialidade de cada alumno.

4.- AREAS CURRICULARES :

Area das tecnoloxías e soportes:

Especialidade de cámara:

Camara
Fotografía
Tecnoloxía de cámara

Especialidade de posproducción:

Edición / Montaxe / Edición sonora
Tecnoloxía de posproducción
Infografía

Especialidade de son:


Son (Grabación de son, MIDI, etc)
Radio
Audio (Electrónica e acúsica).

Area de Producción / Realización


Producción/ Empresa
Realización
Guión/narrativa audiovisual

Area de Comunicación

Arte e Percepción
Simbólica sonora
Historia dos medios
(cine, radio e TV)



Interior plató
Foto: Anxo Cordeiro



Taller de infografía
Foto: Anxo Cordeiro

5. ESTRATEGIA FORMATIVA

A estratexia formativa centra a información e as actividades un 50 % n6 operativo, tendendo cara unha formación que potencie a creatividade e capacidade de adaptación 6s cambios tecnol6xicos e os novos instrumentos de traballo. Os contidos c6ntranse tanto na base t6cnica / electr6nica como na "cultura do oficio" ou especialidade.

6.-ENSEÑANZA ACTIVA / PARTICIPATIVA

El enfoque das materias e directamente activo e participativo dende a primeira semana do curso. Para elo cada **dous alumnos dispoñen dun equipo de traballo**: c6mara, equipo de edici6n, ordenador e equipo de son.

As pr6cticas realizadas polos alumnos abraguen as principais tipoloxias de producci6n audiovisual: documentais, ficci6n, creaci6n, publicidade, informativos TV, magazines, concursos, musicais, etc.

7.-PROFESORADO

A plantilla actual consta de 11 profesores en diferentes situaci6ns. Todos proceden ou teñen experiencia no mundo profesional: cine, video TV, son, O clima de traballo e aberto, participativo e democr6tico. Cunha organizaci6n moi flexible que estimula a investigaci6n e o desenrolo de proxectos personais.

8.- RELACION CO SECTOR AUDIOVISUAL PROFESIONAL

Dende o comenzo da súa actividade a EIS pretendeu vencellarse directamente cas empresas audiovisuais de Galicia.

As bases da colaboraci6n est6n pactadas en convenios-marcos: Con empresas p6blicas como CRTVG y o preconvenio c6 Asociaci6n de Productoras de Cine y video de Galicia, que representa sl sector privado, as6 como outros mais puntuais con empresas de dobraxe, emisoras de radio, etc.

As relaci6ns establecense segundo

diversos mecanismos:

8.1.- Meritoriaxes.

Os alumnos participan directamente en r6xime de meritorios durante curtos per6odos de tempo en producci6ns espor6dicas, seg6ndo petici6n da empresa interesada.


8.2. Formaci6n en centros de traballo. Os alumnos traballan perante un tempo m6ximo de 400 horas en centros de traballo n6 s6a especialidade. (Por convenio de "Pr6cticas en alternancia".

8.3. Facilitaci6n de infraestructura da EIS.


As empresas con convenio poden utilizar instalaci6ns e infraestructuras da EIS baixo certas condici6ns. O obxectivo 6 que os alumnos traballen en situaci6ns reais profesionais, as6 como o apoio lox6stico 6 sector audiovisual galego e a creaci6n independente.

8.4. Cursos de reciclaxe do sector audiovisual.

A Escola organiza anualmente cursos de perfeccionamento e reciclaxe dos profesionais galegos mediante a concurrencia con outras instituci6ns interesadas:



Plató Exterior
Foto: Anxo Cordeiro



Plató interior
Foto: Anxo Cordeiro

- Consellería de Cultura (no mes de setembro de 91, un curso de guiión cinematográfico).

- Compañía de Radio e Televisión de Galicia: Meses de decembro 91: 4 cursos.

- Outros cursos están en proxecto en colaboración cá Consellería de Cultura, a Asociación de produtoras de Cine e vídeo de Galicia e a Universidade de A Coruña.

8.5. Expertos

La EIS chama a expertos púntualmente entre os profesionais mais relevantes da Comunidade galega. Tódolos xoves as 7 da tarde os "Encontros cos autores" interrelacionan á profesionais e alumnos, así como ó público interesado da cidade.

9.-CURSOS DE INICIACION

A escola de Imaxe e Son oferta un "paquete" formativo de cursos de ini-

ciación á imaxe en colaboración con Concellos Institucións educativas ou Movimentos de renovación pedagóxicas: A Construcción de cámara Oscura, " Xoguetes ópticos ", " Iniciación á tecnoloxía audiovisual", " Cine e literatura ", " Elaboración de guiión didácticos ", etc.

10.- OTRAS ACTIVIDADES

A Escola está creando unha biblioteca especializada en pedagogía da imaxe, donde se recollen libros, publicacións, experiencias encol da relación entre imaxe e educación.

Tamen orgaiza visionados sistemáticos con entrada libre tódolos martes as 7 da tarde e axiña os alumnos da EIS editarán unha revista de Imaxe.

11.-ULTIMAS CONSIDERACIONES

A Escola de Imaxe e Son ainda e un proxecto formativo que precisa de tempo e sedimentación. A pesares da súa curta pero intensa vida, o balance polo de agora e moi satisfactorio. Certo é que ainda quedan obxetivos que cumprir en cuanto a instalacións, material, e custes de mantemento, pero hoxe en día e un dos poucos laboratorios públicos de experimentación educativa no eido da formación profesional audiovisual en España.

Cada vez en maior medida están a confluír na E.I.S. profesionais, Entidades, Concellos e institucións con proxectos de colaboración. Agora que xa está dado o primeiro paso a Escola deberá abrirse á sociedade na que se inserta e colaborar na medida das súas posibilidades para incentivar e modernizar a sociedade galega a traveso do audiovisual, para así cumprir os obxetivos para os que foi deseñada.

Manuel González